

Silverio Rivas Alonso

(Ponteareas, Pontevedra 24 de novembro de 1942)

Aínda que probablemente o recoñezamos máis como autor de obras monumentais destinadas a ocupar espazos públicos, como é o caso da Porta do Atlántico (1991), en Vigo, Silverio Rivas é o creador de esculturas e proxectos diversos, froito da súa gran capacidade de traballo e o profundo coñecemento das técnicas e os materiais.

As súas obras son o resultado de percorrer as etapas do intenso camiño que iniciou de neno, con apenas 10 anos, sendo aprendiz xunto ao seu pai no taller de carpintería familiar: a Escola de Artes e Oficios de Vigo, os seus estudos en Madrid, a súa estancia en París, os anos de duro traballo na canteira de Porriño, o seu actual taller en Tui...

Silverio Rivas é recoñecido como un dos máis importantes representantes da escultura abstracta en Galicia.

Silverio Rivas cumpre 75 anos



Parabéns
desde o Museo Provincial de Lugo!

A obra de Silverio Rivas que se conserva e pode contemplarse no Museo Provincial exemplifica moi ben algunhas das súas constantes preocupacións como escultor, esencialmente aquelas que teñen que ver coa modificación dos volumes e os espazos. Nesta ocasión, utiliza o xogo dos contrastes: o negativo e o positivo, a liña curva e a recta, as luces e as sombras, o aspecto brillante e o mate. As pezas encaixan unhas noutras e inciden na transformación espacial mediante formas que se abren e se pechan.

Claridade interior forma parte da colección desenvolvida polo artista desde mediados dos anos 70 ata finais dos 90 do pasado século. A ela pertence unha serie de obras de pequeno formato, como pequenas maquetas, a miúdo articuladas, que mostran certa intención decorativa, tanto polos tamaños como pola elección de texturas e acabados.

A orixe desta colección ten que ver coas reflexións de Silverio acerca da madeira como material natural que é preciso preservar e a consecuente decisión do escultor de abandonar o tallado dela, por consideralo un desperdicio, e optar por "desdoblala" a partir das formas naturais propias dos troncos. Desa maneira xorden as primeiras obras da serie, realizadas en madeiras preciosas (ébano, palisandro...), ás que se lles foron sumando, aos poucos, outras pezas realizadas en distintos materiais, como neste caso o bronce.



Claridade interior

Figura articulada realizada en bronce

Ca. 1980

Colección ARTE GALEGA do Museo Provincial

1ª planta

SALA 12